

Botando unhas liñas no mar do Morrazo¹

Putting some lines in the sea of Morrazo

Salvador Castro Otero

Lucía Durán Paredes

Xosé Manuel González Barreiro

Henrique Harguindey Banet

Xosé Martínez García

Ramón Rocamonde Gómez

M^a Emma Tilves Pazos

salvaclase64@hotmail.com

Resumo: Recadádiva de material fraseolóxico inédito recollido na Península do Morrazo entre 2011 e 2016.

Palabras chave: fraseoloxía galega, traballo de campo.

Abstract: Unpublished phraseological material compiled between 2011-2016 in the Peninsula do Morrazo.

Keywords: Galician phraseology, fieldwork.

1. Introducción

Este traballo nótrese do asombro, nace de instantes de sorpresa, das exclamacións dun oínte de fóra ou de nós mesmos diante dunha expresión que non coñecemos ou dunha secuencia que, de tan cotiá, de tan propia, nos parecía inevitablemente universal. Está regado pola celebración, pola lembranza xubilosa do que sentimos como parte dun pasado e, moitas veces con ledicia, tamén do noso presente e do noso futuro. Estas dúas formas de fertilizar mantivéronnos no interese por ir conservando as Unidades Fraseolóxicas (UU.FF.), se cadra, unha forma de danza que os falantes crean para gozar da lingua, uns

¹ Data de recepción: 13.01.2017. Data de aceptación: 08.08.2017.

xogos malabares exercitados para deleitarse nos equilibrios inestables de palabras que se funden.

Hai catro anos publicabamos nestas mesmas páxinas “Novos lances nos laños do Morrazo”, artigo que seguía a navegación de *Unha maré de palabras*, publicada polo Museo Massó en 2005. Naquel momento non sabiamos se algunha vez nos volveríamos ocupar das UU.FF. do Morrazo, pero elas, nunha provocación permanente, continuaban a se nos aparecer, polo que axiña nos decatamos da necesidade de irmos creando un pequeno ficheiro que impedise que fuxisen da nosa memoria. Deste arquivo formado por copiosas ou cativas pero sempre valiosas achegas dos nosos informantes, nace o corpus que hoxe compartimos convosco.

Existen moitos xeitos, todos eles lexítimos, de abordar o estudo das UU.FF. dunha bisbarra, pero todos eles poden resumirse en dous. O primeiro optaría pola exhaustividade, é dicir, a reprodución de todas e cada unha das unidades emitidas polos falantes dun determinado lugar, incluídas, por tanto, as procedentes doutras linguas –*strictu sensu*, *cosas veredes*, *amigo Sancho*, *femme fatale* ou *playback*–, de xeito que as unidades exclusivas poderían quedar ocultas no medio do gran número de unidades analizadas. A segunda das opcións implica unha selección, con todas as infinitas variantes posibles. Escoller cales son obxecto de estudo sempre resulta discutible, pois implica, en todos os casos, unha perda. Non obstante, parécenos que esa opción é imprescindible, pois a exhaustividade non deixa de ser unha pretensión inalcanzable en códigos en permanente proceso de creación e fixación de formas.

O noso traballo pretende recoller as UU.FF. vivas e propias do Morrazo. Determinar se son exclusivas da nosa comarca resulta case imposible, xa que para iso deberíamos realizar, ao mesmo tempo, un estudo de toda Galicia co fin de comprobar que non existen noutras zonas. Por iso, o noso criterio foi o de incluírmos aquelas formas que, estando en uso na nosa zona, non aparecen recollidas en ningún traballo lingüístico anterior, aparecen cun sentido diferente ao que teñen para nós ou non aparecen definidas, pois implicaría unha perda para lectores futuros que puidesen descoñecer o significado da secuencia. Para esta selección valémonos maiormente dos principais dicionarios galegos, en especial o *Diccionario de Dicionarios*, os dicionarios fraseolóxicos, os distintos números dos *Cadernos de Fraseoloxía Galega* e de Internet².

Mantemos, polo demais, os mesmos criterios de clasificación e de definición que no traballo anterior. Así chamaremos *unidades fraseolóxicas* “aquelas combinacións de

² En ocasións unha UF aparecía mencionada na rede pero non dentro dun estudo lingüístico, senón en artigos, chats, foros ou chíos. Por exemplo “*Dios o fixera mellor” aparece mencionada en (<https://twitter.com/alcaponelascopa>). Este usuario emprega en todo o diálogo o castelán como lingua de comunicación, como os demais participantes na conversa, e utiliza a frase galega en varias das súas intervencións. Descoñecemos a procedencia xeográfica deste comunicante, en todo caso, constata a vitalidade da fórmula, probablemente máis alá dos límites do Morrazo. Non obstante, o feito de que non apareza recollida en traballos anteriores, lévanos a incluíla, pois a súa eventual perda pareceríanos un dano maior que a pequena incoherencia que puidésemos cometer.

palabras que se caracterizan pola alta frecuencia de aparición na lingua e están formadas por dúas ou máis palabras e cuxo límite superior é a oración” (ÁNGELOVA NÉNKOVA, Véselka e GONZÁLEZ-ESPRESATI, Carlos, 2008). As UU.FF. caracterízanse pola súa idiomaticidade, é dicir, porque o seu significado non se deduce necesariamente da suma dos sentidos de cada un dos seus compoñentes; por estaren institucionalizadas, isto é, por seren adoptadas pola comunidade lingüística, e por seren fixas, polo que os falantes as reproducen en bloque, como unha unidade.

Son moitas as clasificacións das UU.FF., se cadra a máis estendida é a que as divide en:

- 1) *Colocacións*: Trátase de unidades intermedias entre as combinacións libres e as combinacións fixas, pois os seus elementos pódense intercambiar e o seu significado pode deducirse do das súas unidades. Os lexicógrafos tenden a incluílas entre as UU.FF. pola frecuencia da súa aparición conxunta. Serían os casos de *diñeiro negro* ou *xogo subterráneo*, por exemplo.
- 2) *Locucións*: Son combinacións de dúas ou máis palabras que funcionan como unha unidade léxica. En razón da súa función gramatical podemos clasificalas en *locucións nominais*, *adxectivas*, *adverbiais*, *verbais* ou *clausais*.
- 3) *Enunciados fraseolóxicos*: Son aqueles que constitúen actos de fala por si mesmos. Podemos dividilos, ademais, en *paremias*, que expresan un significado referencial, como por exemplo os refráns; e *fórmulas rutineiras* cun sentido puramente social.

Para a presentación das entradas reproducimos en letra grosa a expresión tal e como foi recollida dos informantes³, colocando entre corchetes [...] os indefinidos *alguén / algo* para indicar se se emprega para persoas, animais ou cousas, tanto na función de suxeito como na de complemento. A continuación, con letra redonda, introducimos a definición; se se trata dunha definición pragmática vai entre corchetes [...]. Logo, en cursiva, aparece un exemplo do uso da frase e finalmente, se fose preciso e despois do símbolo #, observacións, que indican variantes dela, aclaracións de topónimos ou costumes locais, posibles orixes, fontes nas que aparecen rexistradas etc.

Intentamos gardar a maior fidelidade posible á expresión dos nosos informantes, de xeito que respectamos os dialectalismos morfolóxicos (*mazán* ou *mañán* e a forma *-án* do feminino coincidente coa do masculino, nos casos en que exista variación de xénero noutras zonas e na escolla normativa *-meu/miña irmán-*, por exemplo) ou léxicos (como *matrácola*, *aganta*, *maré* ou *ceu*, como a neutralización da oposición *ver/mirar* etc) e mesmo os castellanismos (*Dios*, *espalda*, *jodo*, *hielo*...) cando estes formen parte da expresión, sinalándoos en todos os casos con asteriscos. Naturalmente non sinalamos o seseo nin a gheada, como tampouco as variacións de timbre vocálico en palabras como *moito/muito*, *matrácola/matrácula* ou *meninho/miniño*, trazos sen os cales as frases

³ Se no transcurso do noso traballo atopamos unha ou máis variantes dunha mesma frase tamén inéditas, colocámolas a continuación da primeira utilizando o signo /.

poderían mesmo chegar a ser irrecoñecibles polos falantes habituais. Non obstante, nos exemplos poden convivir as formas normativas e non normativas, pois o noso interese está non só en rexistrar as UU.FF. senón tamén en mostralas vivas e eficaces para calquera contexto comunicativo.

Este grupo leva a traballar dende hai case tres lustros. Foron moitos os momentos felices arredor do léxico e das UU.FF. do Morrazo; instantes de amizade, de solidariedade, de aprendizaxe, de vida en definitiva.

León Felipe escribía:

*Todo el ritmo de la vida pasa por este cristal de mi ventana... ¡y la muerte
también pasa!*

O 28 de xuño de 2016 perdemos a Ramón Rocamonde Gómez. Hai persoas que son verdadeiros termómetros anímicos, a súa ascendencia sobre os grupos é tan importante que o seu entusiasmo acaba por contaxiarse a todo o equipo. “Roca” era máis que iso, era o climatizador, a persoa que conseguía que a temperatura emocional se mantivese estable; conseguía sempre conciliar, disolver calquera enfado, converter as discrepancias en entendementos e os desvaríos en sendas transitables. O seu combustible era a bondade, unha bondade que demostraba sempre que a intelixencia flúe a través do humor.

Roca amaba a lingua como se ama de verdade, dende o xesto cotián, sen necesidade de aparello histriónico. Era bo e xeneroso e por iso era capaz de medir o peso exacto das verbas e poñelas ao servizo das persoas. Del quedarán o seu labor como investigador, os libros de texto que contribuíu a redactar, a súa pegada como profesor... pero connosco quedará sobre todo a súa entrañable amizade. Por iso estas palabras non son para lembrar que nos falta senón para proclamar que foi un privilexio telo coñecido, ter aprendido del, gozalo como amigo.

Roca, querido amigo, estarás –lembrémoste coas neuronas ou coas entrañas– sempre en todo o que fagamos, en todo o que sintamos.

2. CORPUS

2.1. Locucións

1. **a moito moito.** Como máximo. *Aquel rapaz a moito moito terá trinta anos.*
2. **angazar na maré.** Ser [algo] moi sinxelo de conseguir. *Disque van mercar unha casa, deben pensar que iso é angazar na maré.* # A orixe da expresión remite a unha época do ano na que o marisqueo a pé estaba aberto para todo o mundo, co que “os mariscadores temporais” podían, nese momento, conseguir cartos de maneira relativamente doada.
3. **arriar o galo** COL. Verse obrigado a aboar unha débeda. *–Xa é hora de ir de retirada, que vai sendo tarde. –Pois arría o galo! Non imos marchar de aquí sen pagar e convidaches ti.* # Emprégase como fórmula “arriar o galo!” para esixirlle alguén que pague o que debe.
4. **as do fio negro.** Mulleres que van comprar peixe a última hora, que é cando está máis barato. *Aquí están*

- como todos os días as do fío negro a mercar o peixe.* # É propia de Marín.
5. **botar catro para o caldeiro / botar catro para un cesto.** Reprochar unha persoa a outra o seu proceder, ás veces de xeito inxusto ou esaxerado. Non sabes como o puxo. Botoulle catro para o caldeiro.
6. **botar / tirar pola popa.** Malgastar [cartos ou oportunidades]. Ese tírao todo pola popa. Mira que tivo oportunidades na vida, pois nada, non aproveita unha.
7. **cagar o quilo.** Esforzarse moito en conseguir algo. *O meu fillo tivo que cagar o quilo 15 anos en Suíza para aforrar os cartos para levantar unha casa.*
8. **cagarse no último *tornillo.** Realizar un grande esforzo ou unha tarefa con moita dificultade. *Vaste cagar no último tornillo para subir este tiro de escaleiras.*
9. **carallo feito á présa.** 1. Algo mal feito, sen atención nin coidado. *Esta lei que acaban de sacar é un carallo feito á présa.* 2. Pequena contrariedade. *Quería ir ao cine pero chegou o veciño e pediume que lle fixese un choio; un carallo feito á présa.*
10. **cargarlle os testos a *Dios / cargarlle os testos** [a alguén]. Provocar nunha persoa unha actitude de saturación e rexeitamento total. *O meu fillo xa me está a cargar os testos con que teño que comprarlle unha moto.*
11. **cesto sen cu.** Persoa inxenua, de poucas luces. *—Préstame 200 € que chos pago o mes que vén.* *—Vailla meter a outro que sexa un cesto sen cu.*
12. **coller / ter a potra.** Ser [unha muller] pouco traballadora, indolente e indiferente *Non, se estas teñen a potra, todo o día están sen facer nada, teñen a casa porcallenta, os fillos abandonados...* # A potra é unha enfermidade das galiñas que provoca que engorden e se fagan improditivas.
13. **collerlle a matrácola / darlle coa matrácola / toparlle a matrácola** [a algo]. Atopar o xeito de arranxalo, soluciónalo ou facelo. *Estiven toda a mañá dándolle voltas ao choio e ao final deille coa matrácola.*
14. **collido/a pola capeleira.** En apuros, en dificultades. *Despois de todos eses problemas que tivemos na casa atopámonos collidos pola capeleira.* # En Martínez Seixo (2000: 130) rexístrase a locución sinónima “en pelicas de can”, tamén usada nesta zona. A palabra *capeleira* significa “parte superior do pescozo que une este coa cabeza, pescoceira”. Aplícase sobre todo aos animais.
15. **coma o con de pego.** Cun ollo denegrado. *Lambeunas ben, quedou coma o con de pego.* # Adoita usarse con verbos como *estar* e *quedar*.
16. **comer o demo polas pernas.** Comer moitísimo. *Este Antón come o demo polas pernas.*
17. **como o boi da Rúa Nova.** [Home] que ten relacións sexuais con moitas mulleres. *Mira ti, parecía un coitadiño e é como o boi da Rúa Nova.* # A Rúa Nova é un lugar da parroquia de San Xián, en Marín, onde había unha casa especializada en servizos de boi de posta ou semental.
18. **coma unha costrán.** [Persoa] alta e delgada. *O Bieito éche coma unha costrán.* # A palabra *costrán* (ou *costán* en Cangas) designa unha vimbia ou calquera outra póla verde,

- mesmo talos máis finos unidos, que se empregaba para atar os feixes.
19. **como un bourel.** Aboiado, sen ter nada que facer nin saber onde ir. *Leva toda a tarde por aí como un bourel.* # En Carballeira Anllo (2004: 186) aparece recollida a locución adxectiva “coma un bourel” co sentido de ‘aparvado’.
20. **dar a volta virada.** Complicar as cousas máis do necesario. *Ese sempre está a dar a volta virada. Non é capaz de facer as cousas como Deus manda.*
21. **de a par da parede / de rente a parede.** De lei, de fiar, excelente. *Non vas ter problema ningún co meu irmán, é dos de a par da parede.* # Na bodega, o mellor viño gardábase sempre ao fondo, no sitio máis fresco, a par da parede.
22. **de aquí a pouco.** Case. *Púxome coma un trapo, de aquí a pouco era parva de todo.* # Serve para reforzar a manifestación dunha queixa por unha afronta ou unha loa.
23. **de boubeta.** Sen facer nada, a velas vir. *Mentres nós apañabamos as patacas, el estaba alí de boubeta.*
24. **de cuarta e furco.** Que ten unha medida fállica excepcional. *Ricucho fai magas entre as mozas cando vai á festa; deber de ser dos de cuarta e furco.* # Úsase habitualmente co verbo *ser*. O furco é unha medida esquecida que se corresponde coa distancia que media entre a lonxitude máxima do polgar e a do índice.
25. **destetar un meniño.** Producir unha persoa unha impresión desagradable por ser fea ou ruda. *Mi madriña, ese home desteta un meniño, que mala hostia ten!*
26. **encher as cocas.** Durmir moito tempo con efecto reparador. *Que ben lle vén este soniño co cansado que estaba. Dá gusto velo encher as cocas.* # As cocas son as pinzas dos crustáceos. Cando o animal está en plenitude as cocas están cheas e, cando non, é que o animal ten pouca carne.
27. **estar a campamento/ haber campamento!** Estaren [os mariñeiros] parados sen traballar por falta de peixe. *–Vaia, ho! Mirade para as pardelas, están pousadas: hai campamento!* # Cf. 147.
28. **estar a fender vimbias.** Estar morto. *O pobre do Ramiro está a fender vimbias, levouno un mal malo.* # v. entrada 147
29. **estar como ha de ir.** Mostrar un aspecto físico moi desmellorado, próximo ao pasamento. *–Como vai o señor Manuel? –Maliño, moi maliño, xa está como ha de ir.*
30. **estar / quedar nun peta peta.** Caer continuamente un líquido. *Hoxe vai estar toda a tarde nun peta peta.* # Emprégase especialmente para falar da chuvia.
31. **facen abalouro** [a alguén]. [Un grupo de persoas a unha persoa ou a outro grupo] amosar hostilidade por medio de apupos e de acenos. *Cando chegou el, fixéronlle abalouro.*
32. **facen canteira.** Causar moita rotura ou dano [especialmente nas intervencións médicas ou nas obras]. *Chamei para que me cambiasen unhas baldosas e fixéronme unha canteira enorme en toda a cocíña.*
33. **facen co cu para a porta** [algo]. Realizar algo con facilidade. *Este, este, telo que ver; ten unha soberbia! Para el é como se todo fose facer co cu para a porta.*

34. **facер co peteiro e desfacer coas patas.** Realizar unha boa acción mais facer axiña outra que a desloce. *Onte portouse moi ben comigo pero hoxe xa traía cara de ferreiro; o que fai co peteiro desfaino coas patas.*
35. **falar para a burra da corte.** Falar unha persoa sen que se lle preste atención. *Ningún me fai caso, seica falo para a burra da corte.*
36. **falar para o peido.** Dar moitas voltas dicindo cousas irrelevantes ou absurdas. *Mira que falan e falan e falan, están todo o día falando para o peido.*
37. **facер o aro antes do cesto.** Precipitarse, facer antes doutra cousa algo que debería ir despois. *–Nada, iso non ten ningunha dificultade, chupado. –Mira, non fagas o aro antes do cesto, primeiro faino e logo xa veremos. # En López Taboada e Soto Arias (1995: 288), atopamos “Face-lo aro e non te-lo cesto” e en López Taboada e Soto Arias (2008: 32): “Ser coma facer o aro sen ter o cesto” co significado de que alguén se preocupa antes do secundario que do principal.*
38. **feito/a unha palleringa.** Desamañado, de calquera maneira. *Hoxe que é domingo non debías andar feito unha palleringa, ho. # Está rexistrada co mesmo significado a locución “coma un broceiro”.*
39. **fillo de porta fóra.** Fillo ilexítimo. *Ten un comportamento con seus pais que semella fillo de porta fóra. # Co mesmo sentido aparece a expresión “fillo de porta aberta”.*
40. **ir ao mar e non atopar agua.** Non atopar algo que está nun sitio visible e recoñecible. *–Tuchiño, cólleme unha culler no caixón da cociña. –Non hai ningunha, mamá. –Ti vas ao mar e non atopas agua.*
41. **ir ao mar e non atopar peixe.** Ser unha persoa pouco habilidosa para un traballo ou para o desenvolvemento dun cometido. *–O Pedro, xa sabes como é, vai ao mar e non atopa peixe, así que non lle mandes facer nada diso porque non vai ser capaz.*
42. **ir del/dela / ir na del/dela.** Morrer. *Sabes que morreu Manolo o da Sabela, co ben que estaba. –Unha pena pero foi na del, xa tiña máis de noventa e cinco. # Úsase fundamentalmente para referirse a persoas de avanzada idade ou despois dunha longa enfermidade.*
43. **ir pola gorxa do vento.** Padecer un afogo por tragar accidentalmente algo pola farinxe. Foime pola gorxa do vento, case afogo. # En Carballeira Anllo (2004: 630) e en García (1985: 397) aparece “gorxa do aire” co significado de farinxe.
44. **ir polo arco da vella.** Responder cun discurso evasivo, dar rodeos. *Pregunteille ao armador canto fixera na maré e foi polo arco da vella.*
45. **liar o palangre.** Complicar as cousas. *Mira que é revirado, que sempre anda a liar o palangre coas súas teimas. # Aparece citado en (<http://proyectobuserana.blogaliza.org/lingua/>) [Data de consulta: 08/12/2016]*
46. **lombo de palla.** Persoa de bo carácter, bondadosa. É un lombo de palla, dáche a camisa de enriba. # Zamora Mosquera (1972: 91) recólleo pero non o define.
47. **lombo de poda.** Persoa pouco traballadora, preguiceira. Ese é un

- lombo de poda, non fai nada en todo o día, non lle digas de agacharse a recoller algo porque non cho fai.
48. **máis teso que un codeso.** Moi altivo e fachendoso. *Mira para aí: vai máis teso que un codeso.*
49. **mar que me levas, mar que me traes.** Persoa pusilánime, sen ánimo nin capacidade. *Aí o tes: “non vou alá nin fago falta”, é un mar que me levas, mar que me traes.*
50. **metelas como as de Laxeiro.** Contar mentiras esaxeradas con ánimo xocoso ou de presumir. Díxolle que lle tocou a lotería; meteullas como as de Laxeiro.
51. **nas allaringas.** Moi delgado/a. *Despois da enfermidade quedou nas allaringas.* # Adoita usarse con verbos como *estar* e *quedar*.
52. **non chegar aos mexos [a alguén ou de alguén].** Non estar ao nivel [de alguén]. *Aínda che queda moito que aprender; xa quixeras ti chegar aos mexos do teu pai!*
53. **non dar atopado pau onde aforcarse.** Dar moitas voltas para realizar algo que é simple. *Para facer calquera paxarada anda sempre ás voltas: nunca dá atopado pau onde aforcarse.*
54. **non lle arrendar a *subiela [a alguén].** Non envexar a situación na que alguén se encontra, debido á súa complicación ou inconveniencia. *Tedes que gardar todo iso nas caixas para vos mudar; non vos arrendo a subiela.*
55. **novoa da *pala.** De estrea. Chegou toda gabacha cunha bici noviña da pala. # Habitualmente úsase co adxectivo en forma diminutiva.
56. **nun pincho.** Rapidamente. *Como tiñamos que coller o barco, recollemos a cociña nun pincho.*
57. **pechar a porta coa *espalda.** Non ter responsabilidades e poder actuar sen renderlle contas a ninguén. *Falas moito de ir de vacacións, como ti pechas a porta coa espalda...*
58. **pingar a tella [a alguén].** Gotear, moquear persistentemente o nariz. *Seica che pinga a tella. Non sei que raio tes nese nariz, se cadra deberías ir ao médico.*
59. **plantar cacholo.** Abandonar unha actividade, aínda que non estea rematada. Ás sete estaba tan cansa que plantei cacholo. # A palabra *cacholo* significa: ‘recipiente non moi grande’.
60. **poñer enriba da cona un parche.** Intentar remediar ou disimular algo imposible. *Agora xa non queiras pegar a redoma, é como poñer enriba da cona un parche.*
61. **poñer o tizón e non a tarteira.** Avivar unha discordia. *Está na súa salsa, en plena discusión, poñendo o tizón e non a tarteira.*
62. **sacar o demo o *rescoldo do forno.** Haber unha calor moi intensa, abafante. *Houbo alá unhas horas que debía estar o demo a sacar o rescoldo do forno.*
63. **salabardear para Bueu.** Traballar sen xeito. *Mira como deixou todo! Parece que andou a salabardear para Bueu.* # Expresión procedente da descarga de sardiña, empregada na zona de Marín.
64. **ser como a vaca gandona / da gandona, que por non mover o cu deixou comer a cona.** Ser preguiceiro ou pasivo. *Estás todo o día deitado ao sol, es como a vaca gandona, (que por non mover o cu deixou comer a cona).* # Adoita usarse só a primeira parte la locución. Tamén se recolle a

- forma *xandona*, probablemente unha hipercorrección da *gheada*.
65. **ser máis aburrido que a merda de gato seca ao sol.** Ser moi aburrido, repetirse moito, ser demasiado insistente. *Atopei a Lalo na festa e estivo máis de media hora a bater en min; mi madriña, é máis aburridiño que a merda de gato seca ao sol.*
66. **ser moito barco [para alguén] / ser moito barco para pouco patrón.** Exceder [algo ou alguén] as posibilidades da persoa que o pretende. *Onde vas con ese coche, é moito barco para ti.* # Emprégase habitualmente para referirse ás relacións amorosas, indicando que a muller supera o nivel do home.
67. **ser unha viña vendimada.** Ser [algo] moi fácil. *O do taller dixérame que me ía ter listo o coche hoxe. Pensou que era unha viña vendimada.*
68. **subir / vir para arriba coma o arroz.** Medrar [un neno] de xeito saudable. *Este neno críase moi ben. Vén para arriba coma o arroz.* # Tamén existe a variante co substantivo “leite”.
69. **tarteira furada.** Persoa que non rexe ben. *Non che fai máis que parvadas, está coma unha tarteira furada.*
70. **ter a súa.** Morrer de xeito tráxico e inesperado, como marcado polo destino. *Morreu Manolo. Era a última maré e quedou pola popa. Tiña alí a súa.*
71. **ter menos vergonza que o gaitero na festa.** Carecer de pudor ou recato, ser persoa desinhibida. *Alá onde vai, sempre está a dar a nota: ten menos vergonza que o gaitero na festa.*
72. **ter o mexadeiro moi alto.** Aparentar ou ser dun rango, categoría ou clase superior. *Pilara non é moza para ti, sempre se deu a máis, esa tenche o mexadeiro moi alto.*
73. **tirar [a alguén] a grade de cota.** Botar unha indirecta. *Cando Paco se puxo farruco, tiroulle a grade de cota e fíxoo calar.*
74. **tocado do cacho.** Mal da cabeza. *Dicía cousas sen xeito ningún, estaba tocado do cacho.*
75. **tomar por onde rompen as olas.** EUF. Tomar polo cu. *Marcial sempre se mete comigo. Eu sempre o mando a tomar por onde rompen as olas.*
76. **turra boi, turra vaca.** Pelexar e enfrontarse nun enredo constante. *Estes non cansan nunca, levan toda a tarde turra boi, turra vaca.* # Úsase especialmente para referirse ás crianzas.
77. **un dos que o rei mandou chamar.** IRÓN. Persoa de poucas habilidades ou aptitudes para o traballo. *Non contes co teu cuñado para varar o bote, que ese é un dos que o rei mandou chamar.*
78. **un/unha veiga aberta.** Persoa que gasta sen tino nin control. *Con todo o capital que lle deixaron os vellos e xa non ten nada, sempre foi un veiga aberta.*
79. **valer un pucho de cereixas.** Valer moito. *Se es quen de arrancarme o coche, vales un pucho de cereixas.* # En varias obras literarias galegas do século XIX, como *A tecedeira de Bonaval* de López Ferreiro ou *A gaita gallega* de Xoán Manuel Pintos, aparece a locución “merecer un pucho de cereixas” co significado de ‘merecer un bo premio’.
80. **vender barato / vender o barato.** Murmurar de alguén. *Sempre andaba atrancada polos camiños a vender o barato.*

81. **vir de chuvasco.** Ser un fillo serodio, co que non se contaba. *O máis novo dos tres veulle de chuvasco.*
82. **vivir coma peixes.** Levar unha vida desafoxada, sen dificultades económicas. *Desde que se xubilaron viven coma peixes.*
83. **xente para un lance.** Persoa con poucas forzas, feble. *Vaia por cando, home! Tanto traballo e tan só temos xente para un lance.*
- ## 2.2. Enunciados fraseolóxicos:
- ### 2.2.1. Refrás:
84. **A / de can vello todo son carrachos / Gando vello todo son carrachos / Sendo vello todo son carrachos /.** [Indica que as desgrazas afectan máis ás persoas máis vellas, débiles, pobres, enfermas...]. *Pobre, perdeu o traballo, tivo un accidente e agora, para máis carallo, vénlle esta enfermidade. Nada, que gando vello todo son carrachos.*
85. **A leña do salgueiro arde no regueiro.** [Indica a excelente calidade como combustible do salgueiro]. *—Ando a buscar leña para a cheminea no inverno e non sei cal coller. —Pois home, a leña do salgueiro arde no regueiro.* # No Boletín nº 5 (xuño 07) da Biblioteca do Instituto Ramón María Aller Ulloa aparece recollido “Leña de ameneiro arde no regueiro”. ([http://www.edu.xunta.gal/centros/iesallerulloa/system/files/A+marela+tarabela+5+\(Bosque+de+ribeira\).pdf](http://www.edu.xunta.gal/centros/iesallerulloa/system/files/A+marela+tarabela+5+(Bosque+de+ribeira).pdf)) [Data de consulta: 01/12/2016]
86. **A mandar non hai xeneral que se renda.** [Reproche a unha persoa por querer impoñerse sobre as outras]. *Ti tamén queres sempre que fagamos o que dis, a mandar non hai xeneral que se renda.*
87. **A / de pensar, ninguén quedou calvo.** [Úsase para indicar que hai que pensar ben as cousas]. *—Non teño nada que pensar, vou deixar o traballo, xa estou farto de todo! —A pensar ninguén quedou calvo, ho, pero ti verás.*
88. **A quen non lle debo non lle temo.** [Expresa a tranquilidade ante a falta de débedas e a posibilidade de tratar sen subordinacións a quen non se lle debe nada]. *Heille de botar catro para o caldeiro, pois a quen non lle debo non lle temo.*
89. **A unha mazán, se lle quitas o podre quédalle o san.** [Xeito de rebater cando alguén se empeña en defender ou destacar o bo doutra persoa]. *Por moito que defendas o teu primo, xa sabes: a unha mazán, se lle quitas o podre quédalle o san.*
90. **Aínda que estea na banda do mar, o sapo á sapa vai atopar.** [Sempre hai alguén con quen emparellar por ser da mesma condición]. *—Co mal amañado que é Lucho, atopou unha moza que o queira. —Aínda que estea na banda do mar, o sapo á sapa vai atopar.* # Variante: “Sempre hai un sapo para unha sapa”.
91. **Anda a merda a voar e non sabe onde ha pousar.** [Resposta retranqueira que se dá cando alguén se gaba continuamente ou en exceso]. *—Fixen un galiñeiro como non hai outro en 50 quilómetros arredor. —Cala, cala. Anda a merda a voar e non sabe onde ha pousar.* # Está utilizada nas redes sociais. A variante “anda a merda a voar e non ten paraxe” aparece recollida en (https://disqus.com/home/discussion/diariolaregion/las_mejores_frases_de_los_abuelos_gallegos_tendencias_la_region_

- diario_de_ourense_y_su_provincia_fun/newest/) [Data de consulta: 08/12/2016]
92. **Ano bisesto, nin saco nin cesto.** [Asegura que os anos bisestos non son bos]. *Mira que ano ruín. Xa se sabe: “Ano bisesto, nin saco nin cesto”*. # En Elixio Rivas, editado en liña en (http://sli.uvigo.es/DdD/ddd_pescuda.php?pescuda=bisesto&tipo_busca=lema), recolle “ano bisesto, colleita nun cesto”.
93. **As obras queren sobras.** [Aconsella non meterse en empresas ou obras se non se ten capacidade previa para afrontar o seu custo]. *–Tucho segue a vivir na da sogra, aínda non deu rematado a casa. –Sempre foi: as obras queren sobras.*
94. **Comer farto é tirar pola borda.** [Exhortación a non comer máis que o preciso e, por extensión, crítica dun traballo innecesario]. *A miña irmá vai regar a horta e onte choveu todo o día. –Comer farto é tirar pola borda.*
95. **Compra caro, que somos probes.** [Aconsella mercar cousas de maior prezo, pois en moitas ocasións a deficiente calidade do barato obriga a ter que mercar de novo]. *–Teño que mercar un móbil novo, que este saíu ruín. –Pois compra caro, que somos probes.*
96. **De Ardán, nin home nin can.** [Abaixa os desa parroquia]. *–O meu primo Antonio é de Ardán. –Pois de Ardán nin home nin can.* # Ardán é unha parroquia do concello de Marín.
97. **Despois de san Vicente, nin minguante nin crecente.** [Indica o tempo límite durante o que se debe ter en conta a fase lunar na poda]. *–Andei enfermo e non lle puiden podar as viñas e non sei que facer. –Pois despois de san Vicente, nin minguante nin crecente.* # San Vicente cae o 22 de xaneiro e despois desa data dá igual cando se pode.
98. **Do ben ganado o demo ten unha parte, do roubado teno todo.** [Crítica unha fortuna rápida ou advirte do perigo de embarcarse nunha empresa pouco honesta]. *Mide ben o que fas, se te metes a especular con terras, xa sabes que do ben ganado o demo ten unha parte, do roubado teno todo.*
99. **Entroido na praza, Pascua na casa.** [Indica que se no Entroido vai bo tempo na Pascua será malo]. *Mira que bo tempo veu para ir ao Hío, o caso é que así vai estar mala a Pascua, pois xa sabes, Entroido na praza, Pascua na casa.*
100. **Entroido seco, Pascua mollada. Entroido mollado, Pascua seca.** [Asegura que as condicións meteorolóxicas que se dan entre estes dous períodos son radicalmente contrarias]. *–Disque vai vir chuva pola Pascua... –Non fagas caso, muller, choveu polo Entroido e ben sabes que Entroido seco, Pascua mollada. Entroido mollado, Pascua seca.*
101. **Fachenda na casa e fame na praza.** [Recomenda ter fartura de portas para dentro e non só na aparencia]. *Os veciños mercaron un coche novo e pasan a semana a patacas viúvas, eu prefiro ter fachenda na casa e fame na praza.* # En Rodríguez González (1958: 512) recóllese a variante “Fame na casa, fanfurriña na praza” para criticar ese gasto público e as privacións no ámbito privado.
102. **Fame que espera fartura non é fame.** [Resposta que relativiza unha

- queixa esaxerada]. –*O Andrés disque leva tres meses sen cobrar. –Bah! Non te preocupes, fame que espera fartura, non é fame.*
103. **Galiña morta, polo é.** [Expresa que se pode facer pasar algo polo que non é]. *Ti lévalle iso e xa verás como non hai problema, faime caso que galiña morta, polo é.*
104. **Hai que agardar / esperar o bo, que o malo vén *solo.** [Recomendación de actuar con prudencia e perseveranza para poder afrontar mellor as inevitables adversidades]. –*Parece que desta vou saír ben, non creo que teña problemas. –A ver se segues así, moi ben, sendo optimista sempre, porque xa sabes que hai que esperar o bo, que o malo vén solo.*
105. **Hai que esperar o malo, que o bo vén *solo/que para o bo sempre hai tempo.** [Recomendación de actuar con prudencia e perseveranza para poder afrontar mellor as inevitables adversidades]. –*Teño aí uns cartiños e creo que me vou ir un mes de viaxe. –Vai, home, vai, pero non gastes todo, xa sabes que hai que esperar o malo, que para o bo sempre hai tempo.*
106. **Hai que gardar das risas para as choras/os choros.** [Invitación a non deixarse levar por unha alegría excesiva nin gastar sen control en tempos de abundancia, considerando que poden vir momentos desfavorables]. *Veú da maré e vai todos os días a comer e cear fóra. Dentro de seis meses anda a chorar polas portas. Hai que gardar das risas para os choros. #* A locución “gardar das risas para os choros” ten un uso moderadamente estendido e pode atoparse consultando en Internet distintos foros e escritos, por exemplo
- no de Chito Rivas na edición dixital de *La Región*. (<http://www.laregion.es/opinion/chito-rivas/gardar-das-risachoras/20160302075717604945.html>) [Data de consulta: 22/07/17]
107. **Mariñeiro novo, tormenta ou mar rizo.** [Indica que a inexperiencia causa problemas no desempeño do traballo]. *Leva dúas semanas neste traballo e só me conta penas; mariñeiro novo, tormenta ou mar rizo.*
108. **Mellor estar ao lado do que caga que do que corta.** [Conclúe que unha situación desfavorable podería ser moito peor]. –*Aquí temos que estar de pé, vamos para alá! –Pois alá nin se está cómodo nin se mira nada: mellor estar ao lado do que caga que do que corta.*
109. **O casamento do Pateiro, hoxe casado, mañá solteiro.** [Advirte de que os matrimonios entre xente moi nova non son duradeiros]. *Andan todos desgustados porque se lles separou o Luís, que casara había menos dun ano. O casamento do Pateiro, hoxe casado, mañá solteiro.*
110. **O que come de fiado, caga nobelos.** [Advirte a quen non paga de que sufrirá complicacións futuras]. –*Mira, miña filla, non quedas a deber que quen come de fiado, caga nobelos. #* A expresión xoga con dobre valor da palabra “fiar”, por un lado ‘vender sen cobrar’ e por outro, ‘converter algo en fío ou manexar o fío’. O que trata os fíos xera nobelos, é dicir, bólas de fío, de aí o sentido metafórico. En García Barreiro, Chapela Bermúdez e Villaverde Román (2012: 450), aparece mencionada a expresión “O que come de fiado, caga pufeiras” co mesmo sentido.

111. **O que garda o que non *sirve ten sempre o que lle fai falta.** [Recomenda gardar as cousas que xa non utilizamos, mesmo se nese momento poden parecernos inútiles para o futuro]. –*E para que queres gardar tanta trangallada no faio? –O que garda o que non sirve ten sempre o que lle fai falta.*
112. **O que non salta, brinca.** 1. [Crítica o comportamento egoísta e oportunista de moitas persoas. *Aproveitouse do choio ese e mira como medrou, non, se aquí, o que non salta, brinca.* 2. [Serve para sinalar que cada un ten os seus problemas]. –*O Antonio na cama con gripe, o Luís anda mal do corazón, o Xosé non dá saído do médico co figado, total, que daqueles nenos que eramos, agora o que non salta, brinca, que queres que che diga.*
113. **O que vai a san *Andrés e corre pouco, vai nun mes e volve noutro / Quen vai a san *Andrés e corre pouco, vai nun mes e vén noutro.** [Ilustra que unha pequena demora pode provocar un grande atraso ou prexuízo]. –*Vou falar con el mañán, non creo que ninguén lle faga unha oferta polo terreo esta tarde. –Fai o que queiras pero o que vai a san Andrés e corre pouco, vai nun mes e volve noutro.* # O día de santo André cae o 30 de novembro, de maneira que unha pequena demora implica o regreso no mes de decembro.
114. **O tempo coce a un.** [Indica que algunhas situacións moi duras, sobre todo no aspecto psicolóxico ou moral, só se solucionan co paso do tempo e coa aceptación das mesmas]. –*Estou preocupado pola miña irmá, non se dá recuperado. –Non te preocupes, o tempo coce a un, pouco a pouco hase levantar.*
115. **Onde non hai cabeza todo é rabo.** [Crítica a actitude de quen fai as cousas sen pensar]. –*Manuel vai na moto sen luces e a noite está a caer. –Onde non hai cabeza, todo é rabo.*
116. **Pan de hoxe, carne de onte e viño *avellán, manteñen o home san.** [Consello que indica algúns consumos saudables]. –*Nada, home nada, xa se sabe. Pan de hoxe, carne de onte e viño avellán, manteñen o home san. Do demais non hai que preocuparse.* # O refrán recollémolo do libro de Bernardino Graña (1996: 24). Zamora Mosquera (1972: 192) recolle a variante “Pan de hoxe, carne de onte e viño de antano, manteñen ao home sano” e Rodríguez González (1958: 77) “Pan de onte, carne de hoxe e viño de antano manteñen o home sano”. Por outra banda o termo “avellán”; podería ser unha variante de *abellal*, caste de uva tinta, tamén chamada *caíña*.
117. **Pobre e parvo son dúas desgracias xuntas.** [Valora positivamente a habilidade de quen non ten unha boa posición económica]. *Chamáronme por teléfono para ofrecerme non sei que historia pero a min non me collen, que pobre e parvo son dúas desgrazas xuntas.* # Atopamos en portugués, sen definir, “ser pobre e parvo é um grande defeito”.
118. **Polo san Martiño planta o teu allio.** [Recomendación de plantar os allos no tempo do san Martiño]. *Xa pasaron as festas e aínda non cavastes esa veiga, ides un pouco atrasados, pois sempre se dixo polo san Martiño planta o teu allio.* #

- Rodríguez González (1958: 141) recolle “Quen queira ter allo fino, que o poña polo san Martiño”.
119. **Primeiro eu e despois a nai que me pareu.** [Satisfacción das necesidades propias antes que as dos demais]. *Arranxei primeiro os meus papeis e logo pedín os da miña tía. Primeiro eu e despois a nai que me pareu.*
120. **Que a roupa da casa non te avergonce na praza.** [Recomenda ter fartura de portas para dentro e non só na aparencia]. *Amáñate muller, que ninguén che teña que dicir, que a roupa da casa non te avergonce na praza.*
121. **Raia en maio, tumba á porta.** [Desaconsella tomar ese peixe no mes citado]. *–Ti que tomas, María? –Vou tomar raia. –Pénsao ben, que estamos en maio e raia en maio, tumba á porta.*
122. **San *Blas de Aguete matou sete dun *cachete.** [Expresión que acompaña ao feito de bater unha persoa no lombo para liberala da esganeira]. *Non comas tan á présa que vas esganar. Xa te avisei. San Blas de Aguete matou a sete dun cachete.*
123. **San *Blas de Aguete, que por non matar a un deixou morrer a sete.** [Expresa que unha situación mala pode empeorar] – *Por favor, deixa estar todo como está. San Blas de Aguete, que por non matar a un deixou morrer a sete.*
124. **Se o tempo non vai, sazón non se perde.** [Emprégase para indicar, resignadamente, que, se polas inclemencias do tempo non se puido recoller o sementado, non se perde nada, pois o propio tempo impide a maduración no tempo esperable].
- Váisenos perder todo o millo con estas chuvas tan fortes que viñeron.*
–*Tranquilo home; se o tempo non vai, sazón non se perde.*
125. **Se por puta vas á audiencia, por puta che len a *sentencia.** [Indica unha queixa sobre os prexuízos respecto dunha persoa ou un asunto, de xeito que a sona, normalmente inxusta, provoca que alguén estea ben ou mal considerado polos demais]. *–Xa te podes portar o mellor posible, axudar a todo o mundo, ser honrado que, se por puta vas á audiencia, por puta che len a sentenza.*
126. **Se tes a un de Cangas á/na mesa, dálle co prato na cabeza.** [Expresión de desconfianza cara aos habitantes da vila de Cangas]. *–Ti fai o que queiras con el, pero xa sabes o que se di: “Se tes a un de Cangas na mesa, dálle co prato na cabeza”.*
127. **Sempre hai un can para unha merenda.** [Reprocha a actitude de quen sempre está disposto para comer pero non para traballar]. *Estivemos toda a tarde vendimando e non apareceu ninguén e agora vides todos a cear; sempre hai un can para unha merenda.* # En López Taboada e Soto Arias (2008: 95) aparece “outro can na merenda” como sinónima de “outra vaca no millo” e en Rodríguez González (1958: 450) rexístrase “can merendeiro” como o que vai levando contos e aproveitando as horas propicias para ser convidado.
- 2.2.2. **Fórmulas rutineiras:**
128. **A auga fura a barriga.** [Resposta irónica para rexeitar beber auga ou para manifestar pouco afecto por este líquido como bebida]. *Bótame viño que a auga fura a barriga.*

129. **A auga para as boas mozas.** [Resposta irónica para rexeitar beber auga ou para manifestar pouco afecto por este líquido como bebida]. –*Apetéceche unha cunca de viño?* –*Claro, que hai sede e xa se sabe que a auga para as boas mozas.*
130. **A empuxar a barca.** IRÓN. [Resposta evasiva que se dá a unha persoa que pregunta onde vai alguén]. –*Onde vas con tanta présa, nin que fose acabar o mundo.* –*Vou empuxar a barca.*
131. **[A] miña cona por man de rapaces!** [Expresa unha crítica sobre a falla de habilidade ou capacidade de alguén para gobernar unha situación]. –*Todo isto é unha desfeita, estamos fartos de dicirlle ao alcalde que arranxe os sumidoiros que a auga vai para as casas, pero nada, a miña cona por man de rapaces!*
132. **A primeira para agasallar, a segunda para comer.** [Expresa que o primeiro bocado é para matar a fame e os demais para alimentarse]. –*Teño unha fame que comería un carneiro.* –*Pois empeza xa, que a primeira para agasallar, a segunda para comer.*
133. **Aganta e tira dela.** [Réplica a alguén a quen lle saen as cousas mal logo de non atender a todas as advertencias que se lle fixeron]. –*Xa cho advertimos. Agora aganta e tira dela.*
134. **Aos de Cela, mazáns pacetas.** IRÓN. [Emprégase para caracterizar ou mesmo para mofarse dos veciños da parroquia de Cela (Bueu) por seren ceceantes]. –*Non, os de Cela non pegan un coso, eles pelan un cozo. Nada, ho, que aos de Cela, mazáns pacetas.* # Moitas veces emprégase simplemente a segunda parte da expresión, sempre para meterse cos de Cela por ese trazo lingüístico e pola abundancia desas mazás na parroquia. En Fernández Rei (2003: 196) atopamos recollido o trazo como propio desta parroquia.
135. **Apúntamo na barra de *hielo.** IRÓN. [Expresión que se utiliza cando alguén non ten intención de pagar o que lle correspondería]. –*Logo a esta ronda invitas ti, non?* –*Claro que si, apúntamo na barra de hielo.*
136. **As medias, para as pernas.** [Advertencia a unha persoa de non asociarse con ninguén]. –*Vou montar un bar co Tino.* –*Ti sabes o que fas? As medias para as pernas.* # A frase xoga co nome da peza (*as medias*) e a locución *ir a medias*.
137. **Así collamos no inferno / así tiveramos sitio no inferno.** [Resposta amable que se dá a unha persoa, normalmente a anfitriño, para que non se preocupe pola escaseza do espazo]. –*Imos cinco e o coche é pequeno, o camiño é longo.* –*Tranquilo, home, así tiveramos máis sitio no inferno, habémonos acomodar.* # A segunda expresión é propia de Ardán (Marín).
138. **Asubía, que vai vento.** [Frase que se lle di a alguén cando pretende disimular a súa responsabilidade]. –*Quen rompeu o cristal? Ai, calas, eh? Asubía, que vai vento.*
139. **Ata os (nosos) pitos cagan sen comer.** [Crítica unha persoa presuntuosa]. –*Non, se me poño, marco máis goles que o Cristiano Ronaldo ese.* –*Veña, veña, que ata os pitos cagan sen comer.*
140. **Caga nel/nela.** [Crítica, quitándolle valor, a quen loa algo en exceso] –*O meu coche é un verdadeiro*

fórmula un. –Caga nel! # Aparece en páxinas portuguesas co significado de ‘equivocarse’, sentido que tamén recoñecemos na nosa zona.

141. **Chámpalle na cona.** [Resposta para celebrar unha frase enxeñosa do interlocutor]. –*Sabes o que me dixo o zafado do meu sobriño o pequeno? Que el non faltara á clase senón que assistira á praia, chámpalle na cona, co rapaz.*
142. **Con quen casamos a filla!** [Crítica a falla de habilidade ou capacidade para realizar ben unha actividade]. *Levo esperando unha hora para que me cortes eses ladrillos e non hai maneira contigo. Ai, con quen casamos a filla!*
143. **De aquí á loura, vacaloura.** [Advirte de que aínda falta moito tempo para que aconteza algo ou que pode non producirse]. –*Habemos de quedar con eles así que me chamen. –Fíate diso, de aquí á loura, vacaloura.* # Anxos Hermida (209: 291) recolleu en Matamá (Vigo) a fórmula *de aquí a Loura* que expresa que ‘falta moito para chegar a un sitio’.
144. **De morrer, a última hora.** [Úsase como resposta animosa cando alguén expresa o desexo de morrer ou de abandonar unha tarefa]. –*Prefería morrer que estar a pasar por toda esta miseria.*
–*De morrer; a última hora, home, xa verás como todo vai mellor.*
145. ***Dios dea gana de rir que para chorar sobra tempo.** [Emprégase para expresar desculpa, pudor ou xustificación dunhas risas botadas nunha situación pouco apropiada]. *Xa sei que che resulta gracioso. Dios dea gana de rir que para chorar sobra tempo.*
146. ***Dios dea que falar, que para calar sobra tempo.** [Xustificación de alguén cando outra persoa lle critica o moito que fala]. –*Moito falas hoxe, Mucha! Seica che deron corda? –Dios dea que falar, que para calar sobra tempo.*
147. ***Dios o fixera mellor!** [Dise para expresar o desexo de que algo mencionado (polo que fala ou polo outro) non suceda. –*Vaste presentar ás eleccións? –Dios o fixera mellor; antes aforcábame.* # Trátase dunha negación enfática a realizar algo no futuro ou ben un xeito de desaconsellar realizar algo. Aparece citado nas redes sociais, polo que a extensión pode ser máis ampla que a da nosa bisbarra.
148. **Díxolle a pota á borralla: “Saca de aí que me emborras”.** [Crítica a persoa que ve un defecto nos demais sen velo en si mesma]. –*A moi desvergonzada non para de roubar no peso e pásase todo o día criticando das demais por careiras. –Como sempre. Díxolle a pota á borralla: “Saca de aí que me emborras”.* # Pode tamén dicirse só a primeira parte como evocación da frase enteira. A expresión é moi coñecida en distintas variantes, por exemplo, Rodríguez González (1958: 177) cita “Díxolle o pote á caldeira: tírate alá non me lixes”; o Centro Virtual Cervantes dá “Díxolle a tixola ao pote: “¡Tírate alá e non me lixes!” e nós mesmos recolliamos en VV.AA. (2005: 85) “Díxolle o pote á caldeira: Vaite pola baldroeira!”.
149. **Díxolle o can ao rabo, saca de aí que non *jodo.** [Expresa unha crítica a alguén que se entremete, que anda polo medio, onde non o chaman]. –*Temos que tratar de non*

- interromper a quenda de palabra dos compañeiros. –Mira ti quen vai falar: díxolle o can ao rabo, saca de aí que non jodo. # En ocasións pode prescindirse da segunda parte da expresión.*
150. **É como un brazo e medra.** IRÓN. [Resposta ante unha esaxeración]. *–Disque dun lance sellaron a bodega do barco. –Si, é como un brazo e medra.*
151. **Endelí e veleí.** [Fórmula de conclusión e validación dun relato, que transmite unha certa resignación ante os feitos]. *Fomos embotellar o viño e como non tivemos en conta o tempo que facía, saíunos fiado. Endelí e veleí.*
152. ***Gracias fanas as monas.** Resposta a un agradecemento falso, irónico, esaxerado ou obvio. *–Gracias por deixarme quedar en terra. –Gracias fanas as monas. # Xógase co dobre sentido de “grazas”, a acción que fai rir e o agradecemento.*
153. **Gran capitán.** [Fórmula de conclusión e peche que indica satisfacción porque se cumpriu un obxectivo]. *Chegaches e atopáchela na casa? Pois gran capitán.*
154. **Hai que soltar os presos.** [Expresión familiar de desculpa despois de botar un peido]. *–Escapouseme, é que padezo de flato. –Tranquilo, ho, hai que soltar os presos! # Normalmente está dito por un terceiro para quitarlle ferro ao asunto.*
155. **Hai un paxariño no ceu que di: ten de teu, ten de teu.** [Exhortación a valerse por un mesmo e, polo tanto, a non deberlle nada a ninguén]. *Meu fillo, tes que aforrar para mercar un piso. Xa sabes que hai un paxariño no ceu que di: “ten de teu, ten de teu”.*
156. **Has de ir a san *Blas co cu para atrás.** 1. [Retrouso de burla utilizado polos nenos ao enredaren entre eles] *–Para xa, Moncho, que non teño ganas de bromas! –Has de ir a san Blas co cu para atrás! 2. [Burla dun adulto a un pequeno ao lle denegar unha petición.] Mamá, podo ir xogar á praia coas miñas amigas? Si, muller! Has de ir a san Blas co cu para atrás! Pasa para aquí! # En “Fraseoloxía e Paremioloxía de Bergantiños”, Evaristo Domínguez Rial recolle, sen definir, a expresión «San Blas co cu para atrás».*
157. **Home que ao mexar non bota un peido, non é home enteiro.** [Xactancia para disimular a incomodidade de botar un peido en público] *–Que fas home? Non te poñas aquí a mexar e botar peidos diante de todos! –Home que ao mexar non bota un peido non é home enteiro. # No traballo de Manuel Garrido Palacios (2009) aparece «mexar sen botar un peido é tocar a gaita sen tamborileiro» e no de Xesús Ferro Ruibal (2008) «O mexar sin botar un peido é como a gaita sin tamborileiro».*
158. **Hoxe é un día de non ir aos grabizos nin comer as papas.** [Caracterización dun día de temporal, no que, se é posible, debe deixarse de realizar calquera actividade]. *Menos mal que hoxe non teño que botar o pé fóra, que hoxe é un día de non ir aos grabizos nin comer as papas.*
159. **Ir esfolar canas.** [Resposta para rexeitar a quen incomoda, importuna ou se comporta de forma inadecuada ou desagradable]. *Non teño ganas de aturarte, por que non vas esfolar canas?*

160. ***Me cago na parteira que te apañou / que te aproveitou.** [Exclamación de contrariedade por unha acción que se entende como mal feita]. *Estragáchesme todo o viño do bocoi, me cago na parteira que te aproveitou!*
161. **Mentres o sol vai o mar enche.** [Emprégase para animar a continuar unha tarefa cando os resultados son favorables ou a aproveitar unha ocasión vantaxosa]. *Pero, agora que todo vai ben, pensas en abandonar? Veña home, que mentres o sol vai o mar enche.* # Xosé Diz Paz (2014: 45) emprega a variante “Onde vai o sol aínda o mar enche...”
162. **Moito gando e carro *flox.** [Úsase para criticar a quen, aparentando ser quen de levar adiante unha tarefa, non o consegue por falta de medios ou capacidade]. *–Foron os catro postear a viña e non deron feito. –Si, moito gando e carro floxo.*
163. **Nada lle chega e todo lle sobra.** [Crítica ás persoas insaciáveis no seu afán de acapararen bens]. *–Para que quere Susa mercar outro piso se os fillos xa teñen a súa casa? –Ela é así, nada lle chega e todo lle sobra.*
164. **Nin tanto ao mar nin tanto á terra.** [Relativiza unha afirmación moi extremada ou indica que no termo medio está a virtude]. *–Vouno arriar todo, ao principio pensei que todo iría moi ben pero agora vexo que é un desastre. –Muller, nin tanto ao mar nin tanto á terra. Seguro que se te pos vas obter bos resultados.*
165. **Ninguén morre na véspera.** [Forma despreocupada de referirse á morte] *Non te preocupes que vas morrer cando che toque, que ninguén morre na véspera.*
166. **Non chas quero, que son caíñas.** IRÓN. [Resposta pola que unha persoa afirma non querer algo, cando realmente non pode obtelo]. *–E logo como non compraches aquelas lentes de sol que che gustaban tanto? –Non chas quero, que son caíñas.* # A frase figura en Villar Ponte e Naya (1951). O “refrán” (“Son caíñas, non chas quero”, dixo a raposa cando veu a parra vendimada) remite á coñecida fábula de “A raposa e as uvas”.
167. **Non che vai marcar a *corredera.** [Advertencia, ameaza ou manifestación de forza, normalmente en clave humorística]. *Mira, rapaz, quítateme xa do medio que non che vai marcar a corredera.* # A corredeira mide a velocidade dos barcos en nós, millas percorridas nunha hora.
168. **Non hai xente para ir ao mar.** [Crítica a falta de aptitude ou de capacidade para emprender ou rematar un traballo]. *Saca de aí que non te dás zafado, xa remato eu. Está visto que non hai xente para ir ao mar.* # Rivas (2005: 114) recolle a fórmula «non hai con quen andar ó mar» co significado de ‘non ter con quen falar’ e di que se usa cando unha persoa está falando cun interlocutor ou varios cos que non se dá entendido.
169. **Non me metas présa e súbeme o *sueldo.** [Resposta crítica a quen nos esixe máis do que podemos facer]. *–Pero acaba dun raio dunha vez que nos dan as quiñentas. –Non me metas présa e súbeme o sueldo, corre!*
170. **Non poder foder e quedar virxe.** [Alude á incompatibilidade ou imposibilidade de que certos actos sucedan de forma simultánea]. *Ti queres aforrar moito e andar de*

- furanchos, non podes foder e quedar virxe.*
171. **Non poder ter a cuba chea e a muller borracha.** [Advirte da imposibilidade de que certos actos sucedan ao mesmo tempo]. *Ti queres andar de troula, non coller un libro na man e logo aprobar con matrícula, pois non podes ter a cuba chea e a muller borracha.*
172. **Non ser tanta a perda como a vergonza.** [Utilízase para disuadir de realizar unha acción da que apenas se vai obter proveito porque pode provocar algunha molestia]. *Ir ata ese supermercado por aforrar dous euros? Non ha de ser tanta a perda como a vergonza.*
173. **O demo tanto fixo coa pixa ata que a cortou.** [Reproche a alguén que está enredando ou manipulando algo ante a posibilidade de que o acabe rompendo]. *Era visto que che ía caer todo ao chan, o demo tanto fixo coa pixa ata que a cortou.*
174. **O fume vai sempre para as boas mozas.** IRÓN [Desculpa que se ofrece cando se estende unha fumada, principalmente a da queima de broza]. *—Oe, aquí non se para, voume ter que ir! —Cala, muller, que o fume vai sempre para as boas mozas!*
175. **O que non te mire que te escoite.** [Critica a alguén que se expresa frecuentemente mediante berros ou risas estridentes]. *Sempre estás a berrar, ho, dende logo contigo o que non te mire que te escoite.*
176. **Parece que comeu / tragou un *tenedor.** [Critica a indolencia e pasividade excesivas]. *Pepiño é terrible, non lle bota a man a nada aínda que o maten, parece que tragou un tenedor.*
177. **Pícache o cu? Mañán hai xoubas.** [Expresión usada cando alguén rasca o cu ou a zona próxima]. *—Que, pícache o cu? Mañán hai xoubas. —Si levanteime con el e non me dá pasado. # En VV.AA. (2005: 74) rexistramos unha expresión semellante coa mesma función ca esta: “Hai peixe na ría”.*
178. **Por onde foi que non volva.** [Expresión de desculpa despois de botar un arrote]. *Por onde foi que non volva! Así me gusta, que botes eses aires fóra, pequeniño. # Normalmente está dito por un terceiro para quitarlle ferro ao asunto.*
179. **Por un peliño de a metro / Por un peliño de a cuarta / Por un peliño de a cuarta e media.** IRÓN. [Frase maiormente empregada nos xogos para indicar que unha xogada estivo moi afastada do bo resultado]. *—Non, se ese parece o Messi, cada vez que tira a portería váiselle por un peliño de a metro. —Non te pases, ho, non é tan malo*
180. **Quedamos no duro ou nas cinco pesetas?** [Expresa o desexo de concluír unha negociación ou discusión]. *Xa está ben, a ver se acabamos, quedamos no duro ou nas cinco pesetas?*
181. **Quen che / lle dera masilla / piche / pichi / pichicanela!** [Úsase para desacreditar a quen presume de realizar grandes cousas]. *—Si, home, si. Xa me teñen falado da túa posición: quen che dera piche.*
182. **Quen te rapou?** [Pregunta retórica que se lle formula a unha persoa indicándolle que non a cremos ou desconfiamos dela]. *—Que fas aquí no meu despacho, Luís? —Non fago nada. —Quen te rapou?*

183. **Róncache/lle o *bolsillo.** [Crítica a unha persoa que gasta moito ou exhibe os cartos]. –*Vou comprar un paquete de Winston e tomar un whisky.* –*Róncache o bolsillo!*
184. **Sae / saíde da chalana.** [Úsase para indicar a alguén que vaia para fóra]. *Xa está ben de enredar! Sae da chalana inmediatamente.*
185. **Se come, hai home! / Xa come, xa hai home!** [Frase que constata a recuperación das condicións físicas e de saúde dunha persoa enferma ou feble]. –*Como vai o Canducho? Segue maliño?* –*Xa vai comendo.* –*Pois se come, hai home!*
186. **Se has de coller, entrecolle.** [Aconsella coller o bo sen perder tempo no accesorio e secundario, indo directamente ao seguro]. –*Non vou ter tempo para pasarlle o ferro a toda a roupa.* –*Pois dálle para diante, se has de escoller, entrecolle.*
187. **Se lle quitas o podre non queda nada.** [Úsase para indicar que unha persoa carece de toda virtude positiva]. *Si, é boísimo, unha persoa da que se fiar, iso si, se lle quitas o podre non queda nada.*
188. **Se pola cara ten pelo, que será polo outro sentido?** [Advirte de que se algo vai mal, doutro xeito podería ser peor]. –*Non lle vexo nada de boa traza a ese asunto* –*Pois se pola cara ten pelo, que será polo outro sentido?*
189. **Soan as campás en Punta Couso.** [Indica que cando neste lugar, situado na Ría de Aldán, se oen as campás, vai haber mal tempo]. *Temos cambio de tempo. Soan as campás en Punta Couso.*
190. **Solo necesitamos nove cuartas e media.** [Advertencia que se lle fai a quen discute pola propiedade da terra e por extensión por todo o material]. *Mira que leváreste mal cos teus irmáns polo tema da herdanza... Se ao final só necesitamos nove cuartas e media.* # Nove cuartas e media é a medida do nicho, o único espazo que se precisa despois de morrer.
191. **Son para o burro.** [Expresa impotencia ou resignación cando alguén non fai caso ou non responde a unha pregunta]. –*Óesme ou non me oes! Estou a chamar por ti hai media hora. O de sempre, son para o burro, aquí un fala e ninguén quere oír.*
192. **Son para un cesto.** [Expresa impotencia ou resignación cando alguén non fai caso ou non responde a unha pregunta]. *Imos ao cine pola tarde? Ah, non dis nada? Son para un cesto, xa pode estar a morrer que non me contestas.* # “Son para un cesto” aparece en Cerviño Ferrín (2013: 458) co significado de ‘persoa que non oe ou non quere oír’. Co noso sentido recollémola tamén na parroquia de Bordóns (Sanxenxo), polo que a súa extensión excede a do Morrazo.
193. **Tiveramos máis sitio no ceo.** [Resposta amable que se dá a unha persoa, normalmente a anfitriño, cando se desculpa pola escaseza do espazo]. –*Síntovolo moito, a casa é pequena.* –*Tiveramos máis sitio no ceo, habémonos acomodar, home.*
194. **Unha vez cagou un boi nun cesto (porque o tiña debaixo).** IRÓN. [Caracterización dun suceso como extraordinario e produto da casualidade]. –*Co palanquín que é rozou o toxo de toda a tomada.* –*Si ho, unha vez cagou un boi nun cesto*

- porque o tiña debaixo.* # En ocasións pode omitirse a primeira parte.
195. **Unha vez era un gato.** [Advirte de que unha soa ocorrencia non pode facer pensar na súa repetición sistemática]. –*Dixéronme que o Cholo traballara moi ben toda esta semana.* –*Unha vez era un gato.*
196. **Vai fender vimbias.** [Úsase para desfacerse de persoas molestas, indicándolles que deixen de amolar]. *Mira, vai fender vimbias, teño máis cousas que facer que aturarte.* # v. entrada 132
197. **Vai modo!** [Aviso para indicar que hai que estar atentos para empezar a largar en diversas artes de pesca, entre elas a ardora, a costeira do bonito...]. –*Vai modo! Atentos todos que imos comezar a largar.* # Na pesca empregábase para indicar que as pardelas, entre outras aves, ían na procura de comida, feito que delataba precisamente a existencia de peixe. # v. entrada 27
198. **Vai na herba para a bicicleta.** 1. [Resposta displicente a unha persoa que pregunta onde vai outra]. –*Sabes onde vai o teu irmán? –Vai na herba para a bicicleta, que me vés preguntar a min?* 2. Facer un traballo inútil. –*Pero que está a facer! –Vai na herba para a bicicleta, xa sabes como é. Sempre a facer cousas que non van a ningures.*
199. **Vale máis *podrido que mal comido.** [Denuncia o egoísmo dalgunhas persoas que prefiren que algo se perda, especialmente os froitos cando están maduros, antes de dalos]. *Como é, non lle dá unha mazá aos nenos nin que o maten! Para el sempre vale máis podrido que mal comido.*
200. **Vale máis que faga dano ca que sobre.** [Úsase, normalmente por parte do anfitrión, para animar os convidados a comer con abundancia e sen reparo ou timidez]. *Veña, non quero que sobre nada nas fontes. Vale máis que faga dano ca que sobre.*
201. **Xa temos xente.** 1. [Emprégase para constatar a recuperación dunha persoa ou a súa mellora nunha doenza]. –*Xa se lle ve mellor cara ao teu fillo, xa temos xente.* 2. [Referido aos nenos] medrar. *O meniño xa se ergue, xa temos xente.*
202. **Záfate Marín que eu xa me zafín.** [Indica desatención egoísta ou desafección coas cousas que non lle afectan directamente a un]. *Mira, non me veñas con eses problemas agora, ben te avisei a tempo. Záfate Marín que eu xa me zafín.*

3. Informantes

- Aguete Curra, Rafael
Aldao Portas, Manuel
Alfaya González, Manuel
Bacelar Hermelo, Manuel
Casás Mariño, Francisco
Chapela Bermúdez, Luís
Chapela Piñeiro, Águeda.
Costa Pérez, Ángeles
Enriquez Naharro, María
Fariña Pérez, Margarita
Farto García, Carmela
Gago Lemos, Rosendo
González Martínez, Elena
Graña Barros, Amalia

Graña Graña, Antonio	Ríos Santomé, Soledad
Graña Villar, Bernardino	Rodal Dobarro, Margarita
Lamosa Torres, Noelia	Rodríguez Piñeiro, Roberto
Lemos, Marita de	Santomé Rosales, María
Mariñán, Antonio	Santos Castroviejo, Iago
Martínez Gil, Eduarda	Santos Freire, Antonio
Novas Castro, Enrique	Sestay Martínez, Iván
Oliveira Chapela, Josefa	Soliño Nores, José Luís
Otero Loira, Aurora	Tenorio González, Eugenia
Otero Loira, Teresa	Tenorio González, Paula
Paredes Juncal, María	Tilves Guimeráns, Francisco
Pazos Abalde, Emma	Tilves Guimeráns, Fernando
Reiriz Méndez, Josefa	Valladares Fernández, Jaime
Riobó Durán, Venera	
Ríos Santomé, María del Carmen	

4. Referencias bibliográficas

- ALONSO ESTRAVÍS, Isaac (1986): *Dicionario da Língua Galega*. Madrid: Alhena Ediciones.
- ÀNGELOVA NÈNKOVA, Vèselka e GONZÁLEZ-ESPRESATI, Carlos (2008): “Alternancia e fixación do diminutivo nas unidades fraseolóxicas” en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 10, p.15-33, Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- CARBALLEIRA ANLLO, Xosé M^a (coord). (2004): *Dicionario Xerais da Lingua*. Vigo: Xerais.
- (2009): *Gran Dicionario Xerais da Lingua*. Vigo: Xerais.
- CERVIÑO FERRÍN M.^a Victoria (2013): “Fraseoloxía e paremioloxía de Sebil, 2” en VV.AA.: *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 15. Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para e Investigación en Humanidades.
- DELGADO, Concepción: *Anuario Birgantino*. <anuariobirgantino.betanzos.net/Ab2007PDF/2007%20491_502.pdf> [Útima consulta 10/12/2016]
- DIZ PAZ, Xosé (2014): *A proba dos viños (Costumes de Cela). O choco de Barrabás e outras compilacións*. Cella: Belarmino Barreiro, editor.
- DOMÍNGUEZ RIAL, Evaristo (2011): “Fraseoloxía e Paremioloxía de Bergantiños (Cabana de Bergantiños, Carballo e Coristanco)” en VV.AA.: *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 13. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para e Investigación en Humanidades.

- FERNÁNDEZ REI, Francisco (2003): *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Xerais.
- FERREIRO, Celso Emilio (1978): *A taberna do Galo*. Vigo: Castrelos (Col. O Moucho).
- FERRO RUIBAL, Xesús (2008): “Refráns e Coplas Populares da Gaita e do Gaiteiro.” Obradoiro de gaitas Seivane. (http://www.seivane.es/files/pdf/literatura_da_gaita.pdf) [Data de consulta: 11/12/2016].
- GARCÍA BARREIRO, Manuel Uxío, CHAPELA BERMÚDEZ, Luís e VILLAYERDE ROMÁN, Xosé Carlos (2012): *A freguesía de Moaña. Apuntamentos históricos e etnográficos*. Deputación de Pontevedra.
- GARCÍA, Constantino (1985): *Glosario de voces galegas de hoxe*. Universidade de Santiago de Compostela.
- GARRIDO PALACIOS, Manuel (2009): “Los 400 refranes recogidos en la aldea de Fonfría (Lugo)” en SEVILLA MUÑOZ, J. e ZURDO RUIZ-AYÚCAR, M.I.T. [dirs.] (2009): *Refranero multilingüe*. Madrid. Instituto Cervantes (Centro Virtual Cervantes). (<http://cvc.cervantes.es/lengua/refraner>) [Data de consulta: 01/02/2017].
- GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (dir). (2012): *Diccionario da Real Academia Galega*. [Publicación en liña]. (<http://academia.gal/diccionario>) [Data de consulta: 12/12/2016].
- GRAÑA, Bernardino (1989): *Fins do mundo*. Vigo: Xerais.
- HERMIDA ALONSO, Anxos (2009): “Fraseoloxía de Matamá (Vigo)” en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 11, páxs. 283-304, Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- LÓPEZ FERREIRO, Antonio (1895): *A tecedeira de Bonaval*. Biblioteca Virtual Galega, Universidade da Coruña. (http://bvg.udc.es/ficha_obra.jsp?id=AtedeBo+1&alias=Antonio+L%F3pez+Ferreiro) [Data de consulta: 16/12/2016].
- LÓPEZ TABOADA, Carme e SOTO ARIAS, María do Rosario (1995): *Así falan os galegos. Fraseoloxía da lingua galega*. A Coruña: Galinova. (2008): *Diccionario de Fraseoloxía Galega*. Vigo: Xerais.
- MARTÍNEZ SEIXO, Ramón Anxo (2000): *Diccionario fraseolóxico galego*. Vigo: A Nosa Terra.
- PINTOS, Xoán Manuel (1853): *A gaita gallega tocada polo gaiteiro*. Biblioteca Virtual Galega, Universidade da Coruña. (http://bvg.udc.es/ficha_obra.jsp?id=AGaGatop1&alias=Xo%E1n+Manuel+Pintos) [Data de consulta: 06/12/2016].
- RIVADULLA, Viki (2016): *Blog: Proxecto buxerana*. <http://proxectobuserana.blogaliza.org/lingua/> [Última consulta 08/12/2016]
- RIVAS, Chito (2016): “Gardar das risas para as choras” en *La Región* (02/03/2016). Edición dixital: (<http://www.laregion.es/opinion/chito-rivas/gardar-das-risas-choras/20160302075717604945.html>) [Data de consulta: 12/12/2016]
- RIVAS, Elixio (1988): *Frapas II; contribución al diccionario gallego* en SANTAMARINA, Antón (ed.) (2003): *Diccionario de Dicionarios*. [Recurso electrónico]. Versión 3. A Coruña: Biblioteca Filolóxica Galega/Instituto da

- Lingua Galega, Fundación Pedro Barrié de la Maza. (<http://77sli.uvigo.es/DdD/>) (http://sli.uvigo.es/DdD/ddd_pescuda.php?pescuda=bisesto&tipo_busca=lema).
- RIVAS, Paco (2005): *Diccionario fraseolóxico do mar*. Vigo: A Nosa Terra.
- RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Eladio (1958): *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano*. Vigo: Galaxia.
- SANTAMARINA, Antón (ed.) (2003): *Diccionario de Dicionarios*. [Recurso electrónico]. Versión 3. A Coruña, Biblioteca Filolóxica Galega/Instituto da Lingua Galega, Fundación Pedro Barrié de la Maza. (<http://77sli.uvigo.es/DdD/>).
- SEVILLA MUÑOZ, J. e ZURDO RUIZ-AYÚCAR, M.I.T. [dirs.] (2009): *Refranero multilingüe*. Madrid. Instituto Cervantes (Centro Virtual Cervantes). [<http://cvc.cervantes.es/lengua/refraneor>]. [Última consulta 01/02/2017]
- VILLAR PONTE, Ramón e NAYA, Juan (1951): “Refraneiro vinícola” en DELGADO, Concepción: *Anuario Brigantino*. Ed. [Publicación en liña] (anuariobrigantino.betanzos.net/Ab2007PDF/2007%20491_502.pdf) [Data de consulta: 10/12/2016]
- VV.AA. (2007): *A marela tarabela*. Lalin. Instituto Ramón María Aller Ulloa. [Publicación en liña]. Dispoñible en Internet en ([http://www.edu.xunta.gal/centros/iesallerulloa/system/files/A+marela+tarabela+5 \(Bosque+de+ribeira\).pdf](http://www.edu.xunta.gal/centros/iesallerulloa/system/files/A+marela+tarabela+5+(Bosque+de+ribeira).pdf)) [Data de consulta: 01/12/2016]
- VV.AA. (2014): *Diccionario de la lengua española*. [Publicación en liña]. Dispoñible en Internet en (<http://dle.rae.es/?w=diccionario>) [Data de consulta: 12/12/2016]
- VV.AA. (2015): *Paremiología Romance: refranes meteorológicos y territorio*. Universidad de Barcelona. [Publicación en liña]. Dispoñible en Internet en (<http://stel.ub.edu/paremio-rom/es/refranes/>) [Data de consulta: 08/12/2016]
- VV.AA. (2016): *Biblioteca fraseológica y paremiológica*. [Publicación en liña]. Dispoñible en Internet en (<http://dle.rae.es/?w=diccionario>) [Data de consulta: 12/12/2016]
- VV.AA. (2005): *Unha maré de palabras*. Xunta de Galicia: Santiago de Compostela.
- ZAMORA MOSQUERA, Federico (1972): *Refráns e ditos populares galegos*. Vigo: Galaxia.